



## RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

**ASUNTO:** Concesión uso privativo columbario Tatiana Santos Veiga

**EXPEDIENTE:** 2018/G003/000773

Considerando que, mediante Decreto da alcaldía de 12 de setembro de 2013 (res 714/13), acordouse facer público que, finalizado o procedemento de concesión dos columbarios do cemiterio municipal, incoado mediante Decreto da alcaldía de 09/11/2012, quedaron libres os columbarios que se detallan no citado Decreto, cuxa adxudicación efectuarase coas formalidades previstas no prego de condicións aprobado mediante Resolución da alcaldía de 16 de novembro de 2012 (res 828/12) e no Regulamento do cemiterio municipal, coas particularidades que se detallan no capítulo VI do citado prego, a favor daquelas persoas que así o soliciten, atendéndose ao criterio relativo á orde de entrada no Rexistro xeral do concello de Teo.

Considerando que, con data de 13 de xullo de 2018 (rex. entrada nº 5422), presentouse a solicitude dun columbario no cemiterio municipal por D.<sup>a</sup> Tatiana Santos Veiga.

Considerando que, ao atoparse correcta a solicitude presentada xunto coa documentación que a acompaña, procedeuse a realizar, con data de 13 de agosto de 2018, proposta de adxudicación a favor da interesada, de conformidade co previsto na cláusula 19 do prego de condicións, requeríndoselle para que procedera ao aboamento das tarifas correspondentes.

Considerando que a citada proposta foi notificada á interesada con data de 13 de agosto de 2018 (rexistro de saída nº 2.425), publicándose na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios na mesma data.

Considerando que, dentro de prazo habilitado ao efecto, procedeuse ao ingreso da tarifa correspondente pola interesada, tal e como se acreditou mediante o xustificante de aboamento presentado no concello con data de 20 de agosto de 2018 (rex. entrada nº 5999).

Vista a proposta da alcaldía de asignación concreta de columbarios de 5 de setembro de 2018.



## CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

### **RESOLVO:**

**Primeiro.**- Adxudicar a concesión do uso privativo do columbario C9 do bloque 2 do cemiterio municipal do Concello de Teo a D.<sup>a</sup> Tatiana Sánchez Veiga, polo prazo de 75 anos, con arranxo ao prego de condicións aprobado mediante Decreto da alcaldía de 16/11/2012, ao Regulamento do cemiterio municipal e demais normativa aplicable.

**Segundo.**- Requirir á adxudicataria para que, dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación do presente, acredeite a constitución da garantía definitiva equivalente ao 3% do valor de dominio público obxecto de ocupación, que poderá constituirse en calquera das formas previstas no artigo 108 da LCSP (Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público). A estos efectos faise constar que, segundo a documentación que obra no expediente e conforme ao prego de condicións, o importe da garantía definitiva, por cada columbario adxudicado, ascende a 6,28 €.

Dita acreditación deberá efectuarse mediante a presentación, no rexistro xeral do concello, do documento acreditativo de constitución da garantía definitiva.

**Terceiro.**- Notificar o presente á interesada, con sinalamento dos recursos procedentes, advertíndolle á adxudicataria que o incumprimento do requisito previsto na parágrafo anterior, por causas que lle sexan imputables, impedirá a formalización da concesión ao seu favor.

**Cuarto.**- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado na data que figura na marxe.

O alcalde,

A secretaria xeral, que dou fe

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Diaz